Recomendación dirixida ao Concello de Fisterra debido aos ruídos procedentes dun pub

Expediente: C.6.Q/21680/14

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2015

Sr. alcalde:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito das comunidades de veciños da Urbanización A Rosa de Fisterra.

ANTECEDENTES

1. No seu escrito indícannos que teñen un gran problema co Pub …, situado debaixo das súas vivendas. O problema vén de hai moito anos, aguantando que non cumpra co horario de peche e nunca teña pechada a porta do pub. Pecha a altas horas da madrugada. Pero o peor de todo é que despois de levar anos aguantando esa situación e non durmindo, agora o concello dálle unha licenza para construír unha terraza na vía pública, ocupando tres prazas de aparcadoiro e enganchando o tellado na fachada da comunidade sen pedirlle permiso. O concello non debía dar licenzas de terraza a pubs porque traballan de noite; non é como unha cafetería que traballa de día. E menos sabendo as queixas que hai dos veciños. Desde que a instalou a situación empeorou, as noites son eternas e os nenos están sen durmir. Non cumpre cos horarios de peche do pub nin da terraza, nin tampouco mantén a porta pechada en ningún momento. As persoas soben ao tellado da terraza para molestar aos veciños, a encargada do local monta concertos con guitarra e seus amigos na terraza, outros días bailan sevillanas, etc., a altas horas da madrugada. Todo acompañado de insultos e risas, causando que se esperte toda a veciñanza e os nenos. Non é un comportamento moi normal da encargada do pub. Denunciárono ao concello, foron falar co alcalde e non teñen ningunha solución. O concello di que teñen que chamar á Garda Civil, pero chamaron todas as noites e dinlles que é da policía local da zona e non veñen, porque se o concello lle deu a licenza é o que ten que facerlle cumprir as normas ou mesmo sacarlle a licenza. A policía local traballa

ata as oito da tarde. Non é só os fins de semana, senón todos os días. Ao concello só lle importa que a encargada do pub encha o peto e a ninguén lle importa que os veciños desta urbanización e arredores non durman. No inverno os nenos teñen que ir ao colexio e non saben como o van facer, porque todos os días están a espertar tarde ao non poder durmir polas noites.

2. Ante iso requirimos informe ao concello, que no seu momento nolo remitiu; porén, unha vez examinado enviouse unha valoración provisional e se requiriu aclaración. Requirimos do concello que con urxencia se facilitaran as medidas adoptadas ou previstas para exercer a súa función administrativa de garantía dos dereitos á intimidade persoal e familiar (art. 18.1), á inviolabilidade do domicilio (art. 18.2), á protección da saúde (art. 43.1), e a gozar dun medio ambiente adecuado e á protección e mellora da calidade de vida (art. 45.1 e 2).

3. O informe municipal xa se recibiu e nel sinálase que "en data 13/10/2014 " este Concello de Fisterra remite ao… equipo xurídico asesor desta corporación, a documentación obrante no expediente para a emisión dun informe xurídico sobre os aspectos apuntados na súa comunicación, do que ata o día non se obtén resposta, polo que se reitera a petición do referido informe que será remitido a esa Institución no período de tempo mais breve posible. ..En referencia ás cuestións técnicas sinaladas, en data de 12 de febreiro de 2015, o arquitecto do servizo técnico de urbanismo do Concello de Fisterra emite informe que se adxunta ao presente como Documento I no que se indica que tras a visita efectuada pódese constatar, salvo vicios ocultos, que non se detecta a realización de obras que alterasen as condicións do local en relación coa visita efectuada polo mesmo técnico en data 18/03/2011, con motivo da comprobación do resultado final das obras en aras da obtención da licenza de apertura e funcionamento. Conclúe o mencionado informe que en relación coas condicións acústicas que resultaría valido aquel informe achegado o 18/11/2010 ? polo titular da licenza. Engadir que tal e como se recolle no referido informe do técnico municipal entre a documentación presentada pola titular da licenza consta informe elaborado para os efectos de xustificar o cumprimento daquela lexislación en materia de ruídos, que certificaba o cumprimento da NBE-CA-88, a Lei 7/1997 e o Código Técnico (Achégase como Documento II ao presente escrito)." Neste mesmo informe elaborado polo técnico municipal recolle que entre as condicións impostas para a concesión da autorización da instalación da terraza denunciada recóllese expresamente a restrición de horarios tal e como se establece no artigo 6° da ordenanza municipal reguladora das terrazas... consta denuncia de 17/07/2014 formulada por Dna. … ante a Policía Local do Concello de Fisterra (ateigado número 39/2014 que se adxunta como Documento III ao presente) no que a titular das licenzas pon de manifesto os danos ocasionados na instalación da súa terraza, facendo mención así mesmo da presenza nas instalacións da Garda Civil polas noites referindo que os propios membros do Instituto Armado indícanlle que "está todo en orde e que non hai nada que denunciar". Indicar así mesmo que se remite copia da denuncia referida ao Comandante do posto da Garda Civil de Corcubión para os efectos oportunos."

ANÁLISE

1. O concello pretende xustificar a ausencia de comprobacións dos diferentes motivos de queixa, fundamentalmente da transmisión de ruídos ás vivendas, nos aspectos formais que se mencionan -a tenencia de licenza municipal e a existencia dun certificado de illamento-. Ao respecto xa subliñamos que iso non resulta suficiente para garantir os dereitos afectados dos veciños que denuncian e se queixan dos ruídos. Nin a licenza nin o certificado garanten que non se estean a dar os prexuízos denunciados, posto que existen multitude de formas de posible defraudación tanto das condicións previstas na licenza como do illamento, polo que a única forma de comprobar que non se transmiten ruídos é *in situ* e cando se producen as denuncias dos afectados, tal e como temos indicado en moitas ocasións nos diferentes informes que diriximos ao Parlamento de Galicia.

2. Os afectados quéixanse de diferentes problemas sen aclarar, como a autorización da terraza, que non debera terse concedido nun pub situado en edificio habitable, posto que os usos resultan incompatibles; o horario da terraza, que non debera coincidir co do pub; a ancoraxe da terraza en elementos comúns sen permiso; que a porta non está nunca pechada; os ruídos transmitidos; o incumprimento do horario; a celebración de concertos con guitarra na terraza -outros días bailan sevillanas-; a presenza de persoas fora do local ocasionando ruído ata altas horas da madrugada; etc. Ningunha destas circunstancias é comprobada polo ente local cando se producen esas supostas infraccións, a pesar de que é o competente nesta materia e outorgou a licenza. Unicamente dise que se deu limitación de horario para a terraza, pero non se especifica (o mesmo que para o resto do local?), e non se aclara o resto das cuestións, polo que todo apunta a que as reclamacións dos afectados responden á realidade ou polo menos non se comproban adecuadamente, a pesar de resultar obrigadas. Unicamente apórtase que a Garda Civil sinala que cando foi todo estaba en orde e “no hai nada que denunciar". Porén, as funcións dese corpo non se refiren ás cuestións de carácter administrativo que sinalamos, que deben ser controladas polo concello, salvo que de forma expresa e formal foran asumidas pola Garda Civil, en cuxo caso deberan pronunciarse sobre as cuestións obxecto das denuncias e as queixas (vanse comprobar os ruídos cando os avisan por tal causa, fanse medicións, levántanse actas de infracción por tal causa …). Comunmente esa función non a realiza a Garda Civil.

3. Tal e como sinala a queixa, é especialmente grave a presenza dunha terraza nun pub destas características, posto que coa mesma poden desvirtuarse todas as garantías do local (insonorización, portas, horarios, non presenza ruidosa ás portas …), polo que neste caso resulta aínda mais precisa a comprobación que se reclama.

4. As actividades precisan a correspondente licenza municipal de funcionamento. A través deste instrumento de control preventivo e continuado protéxese o interese público, facendo compatibles a actividade, por unha parte, e a evitación das molestias desproporcionadas, por outra, outorgando as licenzas soamente cando iso sexa posible en función das

circunstancias particulares do suposto e coas medidas correctoras previstas para garantir a ausencia de prexuízos. Co outorgamento da licenza non termina o labor do ente local; esta abre unha relación continuada no curso da cal a administración local terá por función garantir en todo momento o interese público, principalmente o dos veciños inmediatos, o que, segundo reiterada xurisprudencia, constitúe unha condición implícita de toda licenza municipal de funcionamento.

5. Neste caso é función do concello garantir a preservación dos dereitos fundamentais en xogo, en concreto o dereito á intimidade persoal e familiar (art. 18.1) e o dereito á inviolabilidade do domicilio (art. 18.2), e do resto dos dereitos constitucionais potencialmente afectados, como o dereito á protección da saúde (art. 43.1) e o dereito a gozar dun medio ambiente adecuado e á protección e mellora da calidade de vida (art. 45.1 e 2).

CONCLUSIÓNS

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello de Fisterra a seguinte recomendación:

Que con urxencia se comproben adecuadamente as denuncias dos prexuízos ocasionados polo funcionamento ruidoso do local obxecto da queixa e que as comprobacións se fagan no preciso momento en que se produce a denuncia por medio de chamada á policía local ou ao axente que poida levantar acta para corrixir o que proceda; que se aclaren e corrixan todas as circunstancias aparentemente irregulares da terraza (horario amplo, música nela, concertos, suxeición aos elementos comúns sen permiso …); e que con carácter xeral se protexan adecuadamente os dereitos fundamentais e doutra natureza afectados pola situación pola que se reclama.

Agradecendo de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, recordámoslle a necesidade de que no prazo dun mes dea conta a esta institución da aceptación da recomendación formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén no seu caso.

Ademais, facémoslle saber que en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte a data na que ditou esta resolución incluirase na páxina web da institución.

Saúdoo atentamente,

José Julio Fernández Rodríguez
Valedor do Pobo (en funcións)